



**ANEXO DE CLÁUSULAS PARTICULARES AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E ASOCIACIÓN DE INVESTIGACIÓN
METALÚRGICA DEL NOROESTE - CENTRO TECNOLÓGICO AIMEN PARA A
REALIZACIÓN DUN DOUTORAMENTO INDUSTRIAL**

En Santiago, a 27 de decembro de 2021

COMPARECEN

Dunha parte D. Pablo Taboada Antelo, director da Escola de Doutoramento Internacional da Universidade de Santiago de Compostela,

Da outra, D. Jesús Ángel Lago Gestido, actuando en representación da Asociación de Investigación Metalúrgica del Noroeste – Centro Tecnológico AIMEN, en calidade de Director Xeral desta entidade, e con poder suficiente para a firma do presente Convenio.

EXPOÑEN

Este documento asínase ao amparo do Convenio formalizado entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Centro de innovación ASOCIACIÓN DE INVESTIGACIÓN METALÚRGICA DEL NOROESTE - CENTRO TECNOLÓGICO AIMEN , con data de 27/12/2021 e co obxecto de fixar as condicións específicas nas que se concreta a colaboración efectiva entrambas para a realización dun doutoramento con Mención Industrial acollido á convocatoria de axudas da Orde do 15 de setembro de 2021 (DOG núm. 192, do 5 de outubro de 2021).

DATOS DO DOUTORANDO/A

- Nome: Miguel Picos Maiztegui
- DNI /Pasaporte 32723481R

DATOS ACADÉMICOS DO PROGRAMA DE DOUTORAMENTO

- Programa de Doutoramento en Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas
- Data de inicio no Programa 02/11/2021
- Directores da tese que constan no seu expediente
 - Peregrina Quintela Estévez

- Jeronimo Rodríguez García

PERSOAS RESPONSABLES DO DOUTORANDO/A

- Supervisor/a no Centro de innovación: Mónica Salgueiro González
- Director/a da Universidade: Peregrina Quintela Estévez e Jerónimo Rodríguez García.

CONDICIÓN DO CONTRATO ENTRE O DOUTORANDO/A E O CENTRO DE INNOVACIÓN

As condicións específicas do contrato laboral ou mercantil son as seguintes:

Duración do contrato: 3 anos.

Data de comenzo 29 de decembro de 2021

TEMÁTICA DO PROXECTO E DA TESE

Título ou breve descrición do proxecto no Centro de innovación: Modelos híbridos de orde reducido para a optimización e control en tempo real de procesos de fabricación aditiva.

Obxectivos da tese: Desenvolver unha nova metodoloxía de deseño e control durante a FA de compoñentes con xeometrías complexas e topoloxías optimizadas, capaz de garantir a fabricabilidade, fiabilidade e calidade do compoñente obxectivo dende seu deseño inicial.

FORMACIÓN E MOBILIDADE

Especificar no seu caso as medidas adoptadas para facilitar a formación/mobilidade do doutorando:

Indicar as acción concretas formativas e de mobilidade previstas/contempladas na convocatoria en vigor

O doutorando realizará estancias prolongadas tanto en AIMEN como na USC para facilitar un coñecemento profundo do proceso real de interese no centro de innovación, o estudo máis académico da solución aportada na USC, ou a calibración na USC dos modelos cos datos da experimentación en AIMEN. Os períodos de traballo serán consensuados co doutorando, a súa titora no centro de innovación, e os seus responsables na USC.

Se prevé unha estancia de tres meses nun centro de investigación de referencia en simulación de FA. O centro previsto sería no Grupo ESI do ENSAM para formarse cos profesores Francisco Chinesta e Jean Louis Duval. Ademais, se promoverá a participación do doutorando en actividades formativas (cursos, congresos, workshops) relacionadas coa temática da tese tanto a nivel do propio programa de doutoramento, como a nivel nacional ou internacional.

FINANCIAMENTO

Os gastos derivados da realización da tese doutoral tales como gastos de mobilidade do doutorando e gastos académicos, deberán acordarse entre o Centro de innovación e o doutorando/a

Os gastos que se abordarán na USC facilitarán a formación do doutorando a nivel internacional e que poida desenvolver a súa tese de doutoramento. En particular, se lle facilitará acceso ás infraestruturas do departamento de Matemática Aplicada. Ademais, contéplanse gastos de contratación de persoal auxiliar, pequeno equipamento inventariable e material funxible, material bibliográfico, inscricións en eventos científicos e industriais, e viaxes e dietas do equipo de traballo do proxecto, software científico e de xestión de proxectos, ou pequenos servizos

tecnolóxicos externos.

COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

A Comisión de Seguimento paritaria que velará polo axeitado desenvolvemento do proxecto de investigación e tese de doutoramento estará integrada polos seguintes catro membros:

Pola USC:

- O responsable da dirección académica da tese de doutoramento ou persoa en quen delegue: Peregrina Quintela Estévez
- A vicerreitora de titulacións e captación internacional ou persoa en quen delegue: María José López Couso

Polo Centro Tecnolóxico AIMEN :

- A responsable da dirección do proxecto: Mónica Salgueiro González
- O responsable de I+D+i : Ambroise Vandewynckele_____

E en proba de conformidade asinan o presente documento na data e lugar consignados

Pola Universidade de Santiago de Compostela.

Polo Centro de innovación

O director da escola de doutoramento

O Director Xeral

Pablo Taboada Antelo

Jesús Ángel Lago Gestido

A Coordinadora do PD

Peregrina Quintela Estévez

O doutorando

Miguel Picos Maiztegui